



Concello de Chantada (Lugo)

Pza España , 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 concello@concellodechantada.org

N.EXPEDIENTE 607/2020

ASUNTO: Proposta de aprobación da oferta de Empleo público 2020.

Proposta de aprobación da oferta de Empleo público 2020

Visto o proxecto do orzamento para 2020 xunto coa Plantilla de Persoal deste Concello para o exercicio 2020.

Visto que, na citada Plantilla de Persoal, figuran vacantes dotadas orzamentariamente diversas prazas, cuxa cobertura se considera necesaria para o bo funcionamento dos servizos municipais.

Considerando que o artigo 128 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, sinala que as Corporacións Locais aprobarán dentro do prazo dun mes, desde a aprobación do Orzamento, a Oferta de Empleo Público para o ano correspondente, é necesario sinalar que se está a convocar fora de prazo, pero as prazas son de cobertura necesario para o adecuado funcionamento dos servizos municipais.

De conformidade co artigo 70.1 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de emprego público, ou a través doutro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obligación de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e até un dez por cen adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria dos mesmos. En todo caso, a execución da oferta de emprego público ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos.

Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe de taxa máximo fixado aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se incorporaron nos mesmos, no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non leven a reserva de postos de traballo. A estes efectos, computaranse os cesamentos na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación





Concello de Chantada (Lugo)

Pza España , 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 concello@concellodechantada.org

de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa. Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas.

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos as prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna e as correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo mediante sentenza xudicial.

Para determinar as prazas que poden ser incluídas na Oferta de Emprego Público, debe terse en conta o disposto no artigo 19.Un. 2 da LPGE 2018, onde se establece que unicamente se poderá incorporar novo persoal con suxeición aos límites e requisitos establecidos no mesmo.

De conformidade co recollido no Informe de estabilidade e regra de gasto da Intervención de data 24 de abril de 2020, con ocasión da liquidación do orzamento de 2019, esta entidade local cumpriu os obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, polo que terá una taxa de reposición do 100 por cento, nos seguintes sectores e ámbitos de actuación:

- Administracións Públicas respecto do control e loita contra a fraude fiscal, laboral, de subvencións públicas e en materia de Seguridade Social, e do control da asignación eficiente dos recursos públicos.

- Administracións Públicas respecto do asesoramento xurídico e a xestión dos recursos públicos.

- Administracións Públicas respecto da cobertura das prazas correspondentes ao persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios.

- Prazas de persoal que presta asistencia directa aos usuarios dos servizos sociais.

- Prazas de persoal que realiza a xestión de prestacións e políticas activas en materia de emprego.

- Prazas de seguridade e emerxencias.

- Prazas de persoal que realiza una prestación directa aos usuarios do servizo de transporte público.

- Persoal de atención aos cidadáns nos servizos públicos.

- Persoal que preste servizos na área das tecnoloxías da información e as comunicacións.





Concello de Chantada (Lugo)

Pza España , 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 concello@concellodechantada.org

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos as prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna:

PROMOCIÓN INTERNA

Persoal funcionario

Nº Plazas	Denominación	Grupo	Nivel
01	Técnico de Xestión de Área Económica. Promoción interna	A2	23

PROPOÑO

PRIMEIRO. Aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello, que contén os seguintes postos de traballo:

Persoal funcionario

Nº Plazas	Denominación	Grupo	Nivel
01	Técnico de Xestión de Área Económica. Promoción interna	A2	23

SEGUNDO. Publicar a Oferta de Emprego Público no taboleiro de anuncios da Corporación, así como na sede electrónica deste Concello e no *Boletín Oficial da Comunidade Autónoma correspondente*.

TERCEIRO. Convocar as prazas ofertadas en execución da presente Oferta de Emprego Público dentro do prazo improrrogable de tres anos a contar desde a súa data de publicación.

Chantada , na data da sinatura electronica no 2020

O Alcalde,

Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

